

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 9 DE MARZO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto de cooperación para o desenvolvemento

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: Itinerario peonil e ciclista na AC-130. Treito Ares – Mugardos. p.q. 0+320 – 3+980, de clave AC/16/085.06, nos concellos de Ares e Mugardos.
- Decreto polo que se dispón o cesamento de Helena de Lucas de Santos como directora xeral de Mobilidade.
- Decreto polo que se nomea director xeral de Mobilidade a Ignacio Maestro Saavedra.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de limpeza dos hospitais Clínico Universitario de Santiago e Psiquiátrico de Conxo pertencentes á estrutura organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela, por un importe de quince millóns catrocentos vinte e seis mil catrocentos noventa e sete euros con cincuenta e catro céntimos (15.426.497,54€) e un valor estimado de vinte e oito millóns corenta e oito mil cento setenta e sete euros con trinta e catro céntimos (28.048.177,44€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre a convocatoria de subvencións a empresas illadas en zonas rurais para a provisión de acceso á banda larga ultrarrápida no marco do Plan de banda larga de Galicia 2020.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Informe sobre a Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio pola que se aproba o Plan de acción para a loita contra o uso ilegal do veneno no medio natural de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a convocatoria de axudas do Plan Renove de instalacións eléctricas comúns.
- Informe sobre o balance da Axenda de Competitividade Galicia- Industria 4.0 (2015-2016).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre o balance da convocatoria de axudas para o desenvolvemento de proxectos de asesoramento e formación para persoas con discapacidade na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020.

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Informe sobre a concesión da protección nacional transitoria á indicación xeográfica protexida Ribeiras do Morrazo.
- Informe sobre as campañas da Consellería do Medio Rural para a mellora da sanidade vexetal das masas de castiñeiro.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe de datos definitivos de pesca fresca.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO QUE MELLORARÁ A XESTIÓN DA COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO EN GALICIA

- ***Regulará, entre outros aspectos, a composición e funcionamento do Consello Galego de Cooperación (Congacode), o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación e as especialidades das axudas e subvencións de cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto de cooperación para o desenvolvemento que inclúe melloras na normativa galega de cooperación para o desenvolvemento. Este decreto vén motivado pola aprobación de novas leis transversais como a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, a Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, e a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que recollen preceptos en relación coa cooperación das entidades locais, cos órganos de coordinación e asesoramento da cooperación galega e cos empregados públicos, respectivamente, o que facía necesario desenvolver a dita normativa.

Do mesmo xeito, aprovéitase este novo decreto para actualizar e consolidar nunha soa disposición a normativa aplicable na materia, contribuíndo a garantir a seguridade xurídica así como a facilitar a xestión dos procedementos. Concretamente, o novo decreto inclúe a actualización da regulación do Rexistro Galego de Axentes de Cooperación, creado no ano 2004, incorporando melloras de xestión como a tramitación telemática das solicitudes de inscrición ou a simplificación do procedemento de actualización dos datos do Rexistro.

Por outra banda o decreto recolle a nova composición do Consello Galego de Cooperación, órgano que unifica as funcións dos tres órganos anteriores (o Consello Galego de Cooperación, a Comisión Interterritorial e a Comisión Interdepartamental) nun so que terá reforzadas as súas competencias (o novo Consello Galego de Cooperación). Así mesmo, actualízanse os representantes dos departamentos que realizan actuacións na materia de cooperación, coa inclusión de novos representantes das áreas de igualdade e turismo, e engádense dous representantes da Fegamp, un novo representante do Fondo Galego (agora serán dous) e dous novos representantes das entidades do terceiro sector. A nova composición do Congacode reforza a presenza dos axentes de cooperación distintos da Administración autonómica, que pasan a ter maioría no dito órgano.

Regúlase tamén a licenza para a participación dos empregados e empregadas públicas en proxectos ou programas de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria, con dúas modalidades: unha que se propón de carácter retribuído para o caso de proxectos promovidos ou cofinanciados pola Xunta ou as administracións

publicas galegas e outra sen retribución para participar en proxectos ou programas de cooperación non promovidos nin cofinanciados pola Administración.

Subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria

O novo texto afonda, finalmente, no desenvolvemento do réxime xurídico especial das axudas e subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento establecido na Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, que sinala que, co obxecto de lograr unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación internacional e acción humanitaria, poden establecerse sistemas específicos de xustificación e control do gasto adaptados á súa especialidade, que teñan en conta a necesaria flexibilidade e adaptación das normas xerais de réxime financeiro e orzamentario para proxectos de cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria.

Neste eido, recolle como principais novidades o establecemento de normas para flexibilizar os pagamentos dos proxectos plurianuais ou normas específicas en relación ao prazo de execución das actividades financiadas cando concorran situacións excepcionais e imprevisibles, como terremotos, crises humanitarias, ou conflitos armados.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA AS EXPROPIACIÓNS PARA A EXECUCIÓN DUNHA SENDA NA ESTRADA AC-130, ENTRE ARES E MUGARDOS, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 1,5 MILLÓNS DE EUROS

- *O Decreto de utilidade pública comprende as expropiacións dos 127 predios necesarios para a execución dun itinerario seguro e que permitirá comunicar estes dous núcleos de poboación*
- *Este itinerario para peóns e ciclistas irá desde o p.q. 0+300 da estrada, preto do CEIP Unión Mugardesa, en Mugardos, ata o p.q. 4, nas proximidades do CPI Conde de Fenosa, en Ares*
- *Con esta senda existirá un itinerario peonil continuo neste tramo, no cal se localizan gran número de vivendas, así como unha zona industrial, o que ocasiona un elevado tránsito de peóns que actualmente ten que circular pola beiravía*
- *As obras previstas comprenden, ademais, a execución dun aparcadoiro no colexio, a rectificación dunha curva perigosa da AC-130 e a execución dunha glorieta na entrada de Ares*
- *Esta vía é parte do Plan de sendas de Galicia na comarca de Ferrol, onde se contará con 6 treitos de actuación, para os cales a Axencia Galega de Infraestruturas conta cun orzamento de máis de 4,1 millóns de euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe as expropiacións para a execución dunha senda peonil e ciclista na estrada AC-130, entre Ares e Mugardos.

O Decreto de utilidade pública comprende as expropiacións dos 127 predios necesarios para a execución dun itinerario seguro e accesible para uso peonil e de ciclista na estrada AC-130, que permitirá comunicar estes dous núcleos de poboación.

Coa execución da senda existirá un itinerario peonil continuo neste tramo, no cal se localizan gran número de vivendas, así como unha zona industrial, o que ocasiona na zona un elevado tránsito de peóns que actualmente ten que circular pola beiravía.

O proxecto, que suporá un investimento de máis de 1,5 millóns de euros, ten por obxecto a execución dunha senda compartida para uso de peóns e bicicletas, dende o punto quilométrico 0+300 da AC-130, situado nas proximidades do colexio CEIP Unión Mugardesa, no núcleo urbano de Mugardos, ata o punto quilométrico 4+000, preto do CPI Conde de Fenosa, no núcleo urbano de Ares.

Nos primeiros 340 metros, dende o inicio da actuación ata o CEIP Unión Mugardesa, nos que xa existen beirarrúas, acondicionaranse estas corrixindo os defectos que presentan polo paso do tempo, adaptándose ao ancho actual.

A partir deste punto e ata a entrada á zona urbana de Ares, nunha lonxitude aproximada de 2,7 quilómetros, executarase unha senda de 2,75 metros de ancho, separada da calzada por unha banda axardinada de 0,5 m de ancho, nas que o espazo é suficiente e cuneta. Xa en Ares, desde a AV. do Mazote ata o treito con beirarrúas prográmase unha senda de 3 metros adaptada á liña de edificación do planeamento; a partir deste punto, no núcleo urbano de Ares manterase o arborado existente para minimizar as afeccións, polo que a senda terá unha anchura variable.

As obras previstas comprenden, ademais, a ordenación das zonas de aparcamento eliminadas coa execución da senda no contorno do CEIP Unión Mugardesa, situando o aparcadoiro nunha superficie colindante á estrada e ao colexio. Tamén se levarán a cabo a execución dunha pasarela de madeira para dar continuidade á senda sobre o Rego de Cacho, así como a construción de dúas paradas de bus, unha no concello de Mugardos, en aldea Simou, e outra no de Ares. Ademais, acondicionaranse os accesos e cruzamentos no contorno da senda para canalizar de xeito seguro a peóns e ciclistas. No p.q. 3+400, intersección coa avenida Federico García Expósito pola que se accede á praia, á entrada á travesía de Ares, executarase unha glorieta que permita organizar e canalizar os fluxos dos itinerarios.

Plan de sendas

Esta infraestrutura forma parte das actuacións programadas dentro do Plan de sendas de Galicia para a comarca de Ferrol, onde o Goberno galego prevé desenvolver 13 quilómetros de itinerarios seguros, saudables e sustentables para facilitar unha mobilidade alternativa ao automóbil.

Para executar estas actuacións, a Xunta conta cun orzamento de máis de 4,1 millóns de euros, un financiamento asegurado ao terse incluído no programa operativo de Galicia os fondos europeos Feder para o período 2014-2020.

Entre as actuacións previstas destaca a senda na AC-133, na zona do Ramo, no concello de Fene, que vén de ser adxudicada pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda e cuxas obras comezarán nas vindeiras semanas.

Así mesmo, está en proceso de contratación unha senda na estrada AC-141 no concello de Cabanas, no treito entre a N-651 e o Camiño Carballo Arriba. Executaranse, ademais, outros dous treitos de senda que permitirán completar o itinerario para peóns e ciclistas na AC-116 dende o acceso ao polígono de Rio do Pozo ata Cruceiro, situado no concello de Narón, e desde este punto ata Lago, no concello de Valdoviño, cuxos proxectos están xa en fase de supervisión.



Comunicación da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: comunicacion@xunta.gal



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A IGNACIO MAESTRO SAAVEDRA DIRECTOR XERAL DE MOBILIDADE

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a Ignacio Maestro Saavedra como director xeral de Mobilidade, en substitución de Helena de Lucas de Santos, que cesa por petición propia.

Ignacio Maestro Saavedra é enxeñeiro técnico superior de Camiños, Canais e Portos pola Universidade da Coruña, conta cun máster universitario en Investigación en Enxeñaría Civil e forma parte da escala técnica de funcionarios superiores de órganos autónomos do Ministerio de Medio Ambiente desde o ano 2006.

Ata o momento, Ignacio Maestro viña ocupando a Subdirección Xeral de Planificación Técnica na Dirección Xeral de Mobilidade.

Antes diso, Ignacio Maestro exerceu como director técnico, director técnico adxunto e xefe de área da Dirección técnica na Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, tras o seu paso pola empresa privada.

SANIDADE INVISTE 15,4 MILLÓNS DE EUROS NA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DOS HOSPITAIS DA EOXI DE SANTIAGO

O Consello da Xunta aprobou hoxe o expediente de contratación do servizo de limpeza dos hospitais Clínico Universitario de Santiago e Psiquiátrico de Conxo, pertencentes á Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de Santiago.

O seu obxecto é manter en excelente estado de hixiene e limpeza os servizos asistenciais e demais dependencias destes centros e garantir as condicións óptimas de seguridade e salubridade nos locais de dependencias hospitalarias, de conformidade coa normativa vixente.

O orzamento total de licitación é de 15.426.497,54 euros (IVE incluído). Entre as funcións que se contratan se inclúen a limpeza e desinfección de todas as dependencias (interiores e exteriores), mobiliario e equipamento; separación, recollida e transporte de residuos; recollida de cuartos, aseos e vestiarios; colaboración co persoal de lencería; e subministración de todos os materiais e útiles necesarios para acadar estes obxectivos.

Deste xeito, a Xunta traballa a prol de contribuír á sustentabilidade do sistema sanitario público galego, reducindo o custo de funcionamento das EOXI do Sergas ao tempo que se melloran as condicións de habitabilidade para usuarios e profesionais e se garante a perdurabilidade das instalacións.

A XUNTA SUBVENCIONARÁ A DOTACIÓN DE BANDA LARGA ULTRARRÁPIDA A EMPRESAS E AUTÓNOMOS DE ZONAS ILLADAS DO RURAL

- *Destinará 1 millón de euros a axudas para subvencionar ata o 100% dos custos das tarefas para a dotación de banda larga ultrarrápida, cun máximo de 20.000 euros por beneficiario*
- *Está destinada a empresas e autónomos que non dispoñan de acceso á internet de cando menos 30 Mbps*
- *É a segunda actuación do Plan de banda larga da Xunta, que complementa á lanzada en 2016 para dotar de conexión á internet de ata 350Mbps a 81 polígonos industriais*

A Xunta convocará axudas para o acceso a banda larga ultrarrápida a empresas e autónomos situados en zonas illadas do rural. Con esta convocatoria, que se publicará nos vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia*, o Goberno galego pon en marcha a segunda das actuacións do Plan de banda larga 2020 para a extensión da cobertura de redes de banda larga ultrarrápida na Comunidade.

A Xunta, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, destina a esta convocatoria un orzamento de 500.000 euros en 2017, que se poderá ampliar ata un máximo de 1 millón de euros en 2018, en función da demanda. Estas axudas subvencionarán ata o 100% dos custos das tarefas necesarias para dotar de banda larga ultrarrápida á empresa, ata un máximo de 20.000 euros por beneficiario. Non obstante, os proxectos deberán ter un custo mínimo de 2.000 euros.

Estas subvencións cofináncianse ao 75% polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR).

Prazos e características da convocatoria

Os interesados poderán presentar as súas solicitudes no prazo máximo dun mes desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no DOG.

Os principais requisitos e obrigas que deberán cumprir os solicitantes serán non dispoñer actualmente da posibilidade de acceso a redes ultrarrápidas de cando menos 30 megas e manter a alta no servizo contratado inicialmente durante cando menos 1 ano.

Para cada solicitude valorarase a mellora que supón o servizo de banda larga ultrarrápida incluído na proposta, o esforzo investidor previsto e valoraranse tamén as solicitudes recibidas das pequenas empresas.

Redes ultrarrápidas en polígonos

Esta convocatoria é a segunda actuación do Plan de banda larga de Galicia 2020, que en xullo de 2016 puxo en marcha unha primeira actuación para conectar 81 polígonos industriais das catro provincias galegas a redes de ata 350 Mbps, que non contan con cobertura de redes ultrarrápidas nin previsión de dispoñer deste servizo.

En 2016 completouse o despregamento en 17 polígonos. En 2017 cubriranse outros 30 e en 2018 os 34 restantes. Deste xeito, no ano 2018, un total de 130 polígonos, nos que se concentra case o 93% da superficie empresarial ocupada, disporán de acceso a redes de máis de 100 Mbps. O resto cubriranse nas seguintes actuacións previstas no Plan.

Plan de banda larga 2020

O Plan de banda larga de Galicia 2020 foi aprobado o 1 de outubro de 2015 no Consello da Xunta, e asume os obxectivos establecidos na Axenda Dixital para Europa de garantir unha cobertura de banda larga de cando menos 30Mbps para a totalidade da poboación e impulsar a contratación nos fogares de servizos de banda larga por riba dos 100Mbps.

Para a consecución das metas fixadas, o plan establece un conxunto de medidas que se levarán a cabo ata 2020.

- Extensión de redes de 100Mbps ata acadar case 1,7 millóns de habitantes (o 60% da poboación de Galicia) e o 55% dos polígonos con cobertura de redes de nova xeración.
- Extensión de redes de 30Mbps ata acadar case 2,66 millóns de habitantes (o 96 % da poboación) e o 100% dos polígonos con cobertura de 30Mbps.
- Universalización da banda larga de 30Mbps mediante a posta en marcha de subvencións para a contratación de banda larga vía satélite naquelas zonas máis illadas.

A XUNTA APROBA A ESTRATEXIA GALEGA PARA A LOITA CONTRA O USO DE CEBOS ENVELENADOS NO MEDIO NATURAL

- *O Goberno galego porá en marcha un plan de acción co que pretende erradicar o uso ilegal de substancias tóxicas como un dos factores que ameazan a biodiversidade da Comunidade Autónoma*
- *Nos últimos anos, detectáronse en Galicia un total de 155 casos de mortalidade de especies -maioritariamente cans-, por envelenamento*
- *A participación probada nun feito delituoso como o envelenamento de especies no medio natural poderá implicar a incoación dun expediente sancionador e mesmo a obriga de asumir os custos da reparación do dano biolóxico causado*

O Goberno da Xunta de Galicia aprobou a Estratexia galega para a loita contra o uso de cebos envelenados no medio natural. A estratexia consiste nunha batería de medidas recollidas nun plan de acción cuxo fin último é a erradicación do uso de velenos como un dos factores que pon en risco a biodiversidade na Comunidade Autónoma galega.

Este plan de acción de loita contra o uso do veneno ilegal no medio natural persegue o triplo obxectivo de investigar e perseguir os casos de envelenamento da fauna, informar dos incidentes que se produzan en Galicia, así como previr, disuadir e reforzar a vixilancia. Para iso, a Xunta estreitará a colaboración e potenciará a coordinación entre os seus departamentos e coas forzas da orde, a través da Policía Autonómica de Galicia e o Servizo de Protección da Natureza da Garda Civil (Seprona). Igualmente, buscará, mediante a Federación Galega de Municipios e Provincias, a implicación dos corpos locais de policía e, tamén, da Fiscalía de Medio Ambiente de Galicia. Ademais, a Xunta pedirá a aqueles colectivos que desenvolven a súa actividade económica ou de lecer no medio rural que se involucren na información e sensibilización sobre as consecuencias desta práctica ilegal sobre a fauna, o medio ambiente e a saúde pública.

Cómpre destacar que en Galicia se produce, anualmente, un número elevado de mortes de exemplares de fauna silvestres, protexida e mesmo de animais domésticos debido á colocación de cebos envelenados no medio natural. Así, nos últimos anos, foron detectados na Comunidade autónoma un total de 155 casos. Colateralmente, máis de 320 animais domésticos e silvestres, fundamentalmente cans, víronse afectados pola colocación destes cebos impregnados, maioritariamente, con estricnina. Unha substancia prohibida e altamente tóxica, que, a xulgar polas estatísticas, continúa a utilizarse para estes fins.

É así como o Executivo galego pon en marcha un plan específico para diminuír e finalmente erradicar o uso de veneno ilegal no medio natural. Unha medida que, non obstante, xa forma parte das establecidas no plan de recuperación de especies en perigo de extinción -o oso pardo, por exemplo-, así como nos plans de xestión de

especies de interese comunitario –o lobo- e nas propostas técnicas doutros plans de conservación de especies ameazadas, precisamente, como medidas para garantir a viabilidade das poboacións autóctonas destas especies e, por tanto, de preservación da biodiversidade.

Obrigatoriedade de reparar o dano biolóxico

Cómpre lembrar que o Código penal tipifica como delito o emprego non autorizado de venenos no medio natural e a morte de especies ameazadas por estas prácticas. A nivel autonómico, considérase infracción administrativa, polo que, unha vez identificado o autor dos feitos delituosos, se incoará o correspondente expediente sancionador. Ademais, segundo a magnitude, gravidade e transcendencia do episodio, poderanse aplicar medidas cautelares e/ou recuperadoras da fauna e, en todo caso, sempre se lle reclamará o autor dos feitos delituosos a cobertura dos custos derivados destas accións recuperadoras.

A XUNTA ACTIVA O PLAN RENOVE DE INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS PARA MELLORAR A SEGURIDADE E A EFICIENCIA ENERXÉTICA EN 400 EDIFICIOS

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria informa no Consello da Xunta sobre estas axudas, que se convocan por primeira vez e que mobilizarán 3,2 millóns de euros na reforma de inmobles de máis de 25 anos*
- *As comunidades de propietarios poderán optar a axudas de ata 3.000 euros por edificio*
- *A convocatoria resolverase por orde de presentación entre os solicitantes que cumpran os requisitos, que poderán tramitar a súa petición entre o 2 de maio e o 1 de setembro*
- *A iniciativa enmárcase dentro do Plan de vivenda 2017 para o que a Xunta destina 8,7 millóns, un 10% máis que o ano pasado*

A Xunta continúa co seu compromiso de impulsar a eficiencia enerxética e a calidade de vida das familias galegas. No marco da terceira edición do Plan de vivenda, a Consellería de Economía, Emprego e Industria activa unha nova convocatoria de axudas para a renovación de instalacións eléctricas comúns dirixida a comunidades de propietarios e a titulares de inmobles de uso residencial. A través desta convocatoria, a previsión é chegar a 400 edificios e mobilizar arredor de 3,2 millóns de euros no sector, ao tempo que se mellora a seguridade e a eficiencia enerxética nos fogares galegos.

Tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta, esta convocatoria que se activa por primeira vez, ten un orzamento de 800.000 euros, e o prazo para presentar as solicitudes para esta orde de axudas abrirase nos próximos días tras a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). En concreto, o prazo de presentación das solicitudes de adhesión de entidades colaboradoras será do 16 ao 29 de marzo e o de solicitudes de axudas para particulares comezará o día 2 de maio e rematará o 1 de setembro de 2017, agás que se produza o suposto de esgotamento de crédito, xa que a convocatoria será por concorrencia non competitiva, polo que as axudas se outorgarán por orde de presentación a todo solicitante que cumpra os requisitos.

A axuda poderá alcanzar os 150 euros por punto de subministración cun máximo de 3.000 euros por edificio ou o 25% do custo total da instalación. A axuda está dirixida a inmobles de uso residencial de máis de 25 anos e con dúas ou máis vivendas, incluída a reforma das instalacións de enlace (dende a caixa xeral de protección ata os cadros xerais das instalacións receptoras dos usuarios), a toma de terra, o cadro de servizos comúns e as instalacións correspondentes aos servizos xerais do edificio. Tamén inclúe a substitución de pulsadores e interruptores convencionais por detectores de presenza.

O Plan Renove de instalacións eléctricas enmárcase dentro do Plan de vivenda 2017, que está a desenvolver a Consellería de Economía, Emprego e Industria para favorecer o aforro e a eficiencia enerxética nos fogares galegos. Deste xeito, as familias poden aforrar custos na factura enerxética, ademais de mellorar a súa calidade de vida, potenciar o uso de enerxías renovables autóctonas e diminuír as emisións de CO₂. No caso concreto do Plan Renove de instalacións eléctricas comúns, a terceira iniciativa que se impulsa este ano tras activarse os programas para a renovación de fiestras e ascensores, mellorará as condicións de seguridade favorecendo, ademais, a posibilidade de incorporar medidas de aforro no sector doméstico, responsable de máis do 20% do consumo de enerxía eléctrica da comunidade.

O Plan de vivenda cumpre a súa terceira edición e a previsión é que para este ano conte cun orzamento total de 8,7 millóns de euros, un 10% máis que en 2016. Consta de dous campos de actuación: o uso de fontes de enerxía renovables a través do impulso da xeotermia, a solar térmica e aerotermia e a biomasa; e a mellora das infraestruturas para que os galegos dispoñan de construcións máis eficientes. Ademais do Plan Renove de instalacións eléctricas comúns, inclúense neste apartado a renovación de fiestras -á que se destinan 1,5 millóns de euros e cuxo prazo para presentar solicitudes xa se pechou o primeiro día da convocatoria con preto de 1.200 peticións-, o Plan Renove de ascensores -activada esta mesma semana cun orzamento de 700.000 euros- e outros programas que se convocarán ao longo deste ano como o acondicionamento de cubertas con tella ou lousa, e a rehabilitación de fachadas con granito.

A XUNTA INVESTIRÁ 175 MILLÓNS OS DOUS PRÓXIMOS ANOS A TRAVÉS DA AXENDA GALICIA-INDUSTRIA 4.0 DESPOIS DE CHEGAR XA A 4.200 EMPRESAS

- *Entre 2015 e 2016, esta folla de ruta permitiu impulsar accións por máis de 143 millóns, dos cales preto dun 50% se centraron en medidas específicas da fábrica 4.0*
- *O plan de acción para 2017 e 2018, cun orzamento que medra un 22%, será consensuado nas vindeiras semanas cos principais axentes*
- *Desde a súa posta en marcha creáronse máis de 11.500 novos empregos industriais e mobilizáronse 342 millóns de euros*
- *A Axenda contribuíu ao desenvolvemento dun paquete integral de apoio financeiro a proxectos de investimento industrial, así como plans de eficiencia enerxética e de impulso da innovación entre as pemes galegas*
- *Entre as principais novidades para 2017-2018, figura un programa de marketing industrial, a iniciativa Fab-Labs Maker para promover a posta en marcha de novas fábricas 4.0, e a creación do Observatorio Industria 4.0*

A Xunta destinará durante os dous próximos anos máis de 175 millóns de euros ao desenvolvemento da Axenda da Competitividade Galicia-Industria 4.0, un 22% máis que no período 2015-2016, cando esta folla de ruta contribuíu á creación de 4.200 empresas galegas e á mobilización de 342 millóns.

A través da Axenda 4.0, a Xunta busca reinventar a industria galega promovendo un modelo máis competitivo orientado cara a Industria 4.0. Nos seus dous primeiros anos de funcionamento desenvolvéronse accións por máis de 143 millóns, dos cales preto dun 50% se centraron en medidas da fábrica intelixente.

Agora, tras informar ao Consello da Xunta do plan para este ano e o que vén, a Consellería de Economía, Emprego e Industria comezará as consultas sobre as principais medidas que vai desenvolver neste período no marco dunha axenda que naceu desde a unidade de acción e que xa fora acordada para a súa aprobación con 120 axentes, ademais do Consello Galego de Economía e Competitividade.

A Axenda da competitividade Galicia-Industria 4.0 aprobouse en maio de 2015 co obxectivo de impulsar a modernización do tecido produtivo galego, tendo entre os seus retos a creación de 50.000 empregos na industria. No plan para os dous primeiros anos, impulsáronse accións por 143 millóns de euros, un 19% máis do previsto inicialmente. O impacto directo en tecnoloxías e metodoloxías centradas na Industria 4.0 está estimado en 68 millóns de euros, o 47% do total, unha porcentaxe que se prevé mellorar co plan de acción para os vindeiros dous anos.

Destacan entre as iniciativas desenvolvidas nos dous últimos anos o paquete integral de apoio financeiro a proxectos de investimento industrial, ao cal se destinaron 35 millóns de euros, ou o programa de bonificación do solo empresarial, a través do cal se adjudicaron ata a data máis de 728.000 metros cadrados en parques industriais, con descontos de ata o 50% do prezo. Ademais, no eido da eficiencia enerxética no ámbito industrial, outorgáronse axudas por 10,7 millóns de euros, e destináronse 25 millóns de euros a impulsar a innovación aberta nas pequenas e medianas empresas a través do Conecta Pemes.

Novas medidas

Entre as principais novidades previstas no período 2017-2018, figuran un programa de marketing industrial; a iniciativa Fab-Labs Maker, para impulsar a posta en marcha de novas industrias 4.0; un novo programa de provedores industriais; a posta en marcha dun plan de incentivos como resposta á Estratexia integral de optimización loxística que se está a elaborar; ou a creación do Observatorio Industria 4.0. Ademais, poñerase en marcha a Lei de Fomento da Implantación Empresarial, orientada a facilitar a chegada de actividade industrial.

Mediante o Programa Fab-Labs Maker, trátase de estender a economía colaborativa á industria, promovendo novos modelos de propiedade dos activos produtivos, mediante espazos onde as empresas poidan compartir o uso de equipos e maquinaria innovadoras para desenvolver e mesmo fabricar tiradas curtas de novos produtos.

O programa de desenvolvemento de provedores industriais estará centrado en procurar que, avanzando no proceso de modernización industrial, se fabriquen en Galicia novas máquinas e sistemas, mediante a colaboración coas principais empresas tractoras.

Os axentes participantes nas accións da Axenda da competitividade Galicia-Industria 4.0 seguen a ser a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, e a Amtega. As novas iniciativas concretas serán configuradas polo miúdo despois do proceso de diálogo social. Tras a avaliación hoxe polo Consello da Xunta, nas próximas semanas haberá catro talleres co Foro Económico de Galicia, empresas tractoras, clústers e o Consello Galego de Economía e Competitividade.

A Axenda da competitividade Galicia-Industria 4.0 recolle o desenvolvemento de plans cada dous anos co obxecto de adaptar a estratexia xeral, aprobada co consenso de 120 axentes sociais, ás necesidades emerxentes en cada período.

A XUNTA PROPORCIONARÁ FORMACIÓN PRELABORAL A 290 PERSOAS CON DISCAPACIDADE A TRAVÉS DE 9 ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL

- *Esta orde de axudas ten como obxectivo contribuír á mellora da empregabilidade deste colectivo*
- *A orde enmárcase na Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, na liña estratéxica de formación e emprego, e incorpora de maneira transversal a perspectiva de xénero*

A Xunta de Galicia pon á disposición de 290 persoas con discapacidade formación e asesoramento prelaboral personalizado grazas ao cal desenvolverán as habilidades necesarias para mellorar as súas condicións de empregabilidade. Isto será posible grazas ás subvencións que a Administración autonómica destina no período 2016-2017 a confederacións, federacións e ás entidades de iniciativa social, non asociadas nin federadas, sen ánimo de lucro para a realización de proxectos que permitan unha futura inserción sociolaboral a través da activación de itinerarios integrados e personalizados de inserción. A convocatoria está cofinanciada nun 80% polo Fondo Social Europeo no programa operativo de Galicia 2014-2020.

As persoas con discapacidade precisan dunha maior protección social para poder lograr a igualdade de trato en todos os ámbitos. Deste xeito, a orde publicada o 20 de xuño de 2016 busca impulsar os procesos de integración social e laboral destas persoas, implementando accións sociais específicas, complementarias daquelas que se presentan con carácter xeral para a formación e o emprego.

A través da resolución destas axudas, resultaron seleccionados un total de 11 proxectos formativos presentados por nove entidades de iniciativa social dedicadas á atención a persoas con discapacidade: formación e preparación de oposicións autonómicas e estatais para persoas con síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual (Federación Down), habilidades prelaborais para a inclusión sociolaboral de persoas con discapacidade por mor de enfermidade mental (Feafes), formación prelaboral en Lugo, Pontevedra e A Coruña (Cogami), itinerarios personalizados para persoas con trastorno do espectro do autismo e persoas con necesidades de apoio similares, para a adquisición de formación prelaboral e habilidades na vida cotiá (Federación Autismo), adquisición de habilidades para a vida autónoma e mellora da empregabilidade (FAXPG), programa de formación prelaboral na discapacidade auditiva (Asociación Acopros), inserción sociolaboral para persoas con diversidade funcional da comarca da Limia (Asociación Limisi) e apoiando a persoas con capacidades diferentes (Cruz Vermella Española).

Esta orde enmárcase na Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020. Particularmente, esta actuación inclúese na liña estratéxica de formación e emprego, e

incorpora de maneira transversal a perspectiva de xénero. A Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, dirixe os seus esforzos cara aos aspectos considerados clave para avanzar na consecución da igualdade real das persoas con discapacidade e a súa inclusión social. Este documento é o resultado dun proceso en que participaron as principais entidades sociais e profesionais neste eido e constitúe a folla de ruta que está a aplicar a Xunta nos vindeiros anos para promover que as persoas con discapacidade poidan gozar dunha vida autónoma e independente.

Para acadar este obxectivo, a estratexia susténtase nunha serie de liñas transversais con vocación de impregnar o conxunto de actuacións que se desenvolven ao seu abeiro e que son a accesibilidade; a participación; a investigación, a innovación e a calidade; e a igualdade de xénero.

OS VITICULTORES DE RIBEIRAS DO MORRAZO INICIARÁN ESTE ANO A COMERCIALIZACIÓN DOS SEUS VIÑOS AMPARADOS POLA NOVA INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA

- *O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe no cal se dá conta da obtención da Protección Nacional Transitoria, que autoriza este selo a nivel nacional*
- *O seguinte paso será obter o recoñecemento final ante a Unión Europea*
- *Están amparados nesta IXP os concellos de Bueu, Cangas, Marín, Moaña, Vilaboa, Pontevedra, Poio e Redondela que contan cunhas 2.340 hectáreas de viñado*

A Consellería do Medio Rural presentou hoxe ao Consello da Xunta un informe no cal se dá conta dun paso máis no recoñecemento do viño de Ribeiras do Morrazo como indicación xeográfica protexida. Espérase que nesta campaña as adegas interesadas que pertencen a algún dos oito concellos amparados por esta nova IXP poidan xa producir e comercializar os viños baixo este selo de calidade. Isto é así porque a partir de mañá, coa publicación da orde no Diario Oficial de Galicia e no *Boletín Oficial do Estado*, conseguiríase a protección nacional transitoria para comezar a operar baixo este selo no mercado nacional.

Trátase dun paso previo ao recoñecemento desta etiqueta a nivel europeo. O expediente está remitido a Bruxelas para que a Comisión o avalíe e pase por outro proceso de oposición pública en toda a Unión Europea. Superada esta fase produciríase a inscrición no rexistro, pero dado que é un proceso longo existe esta protección nacional transitoria para poder comezar a operar no mercado. De feito, dende a Consellería de Medio Rural traballárase para que os viños da colleita deste 2017 elaborados polas adegas que comuniquen o seu interese en producir viños baixo esta IXP poidan facelo. A posta en marcha desta nova indicación xeográfica supón unha oportunidade para a modernización e o crecemento do sector elaborador xa que o mercado do viño se centra cada vez máis nos produtos de calidade certificados.

Esta nova IXP enmárcase nos concellos de Bueu, Cangas, Marín, Moaña, Vilaboa, Pontevedra, Poio e Redondela. Os viños protexidos son brancos e tintos cunha graduación mínima de 11,5 e 10,0 % Vol., respectivamente. As uvas serán das variedades brancas albariño, caíño branco, godello, loureira, treixadura, branco lexítimo e torrentés e das tintas brancellao, caíño tinto, pedral, espadeiro, loureiro tinto, mencía e sousón.

Na actualidade, de acordo cos datos do rexistro vitícola, nos oito concellos que forman a indicación xeográfica protexida hai 2.340 hectáreas de viñado, aínda que non todas poderán fornecer viño á nova IXP xa que non son admisibles todas as variedades que se cultivan, senón aquelas de cultivo tradicional antes citadas, que son as

potencialmente produtoras de viños de calidade. Actualmente hai sete pequenas adegas legalizadas nesta área xeográfica que producen entre os 20.000 e os 30.000 litros anuais.

MEDIO RURAL PROTEXE A PRODUCCIÓN DOS SOUTOS GALEGOS CON MEDIDAS DE SANIDADE VEXETAL FRONTE AO CHANCRO E A AVESPA DO CASTIÑEIRO

- *Dende 2011 e ata finais deste ano unhas 90.000 árbores serán tratadas para loitar contra o fungo que provoca o chancro*
- *Ademais, os soutos galegos beneficiaranse por terceiro ano consecutivo da actuación pioneira que consiste na liberación de parasitos da avespa do castiñeiro fronte á doenza que causa este insecto*
- *Todas estas medidas fitosanitarias están incluídas nun informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta e no cal se recolle un investimento de 680.000 euros no 2017 para estas actuacións*

A Consellería do Medio Rural traballa para protexer a produción de castañas dos soutos galegos mediante medidas de sanidade vexetal, especialmente orientadas á loita contra a avespa e o cancro do castiñeiro. Así se recolle nun informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta e no que se establece un investimento de 680.000 euros neste ano para levar a cabo tales actuacións.

Así, Medio Rural ten previsto tratar durante o 2017 uns 26.000 castiñeiros contra o chancro que afecta estas árbores, causado por un fungo que as seca. Con eles, serán arredor de 90.000 os tratados dende 2011 fronte a esta doenza. A Consellería vén desenvolvendo un programa de loita biolóxica para o control desta enfermidade, co obxectivo principal de mellorar e conservar o patrimonio natural dos soutos de Galicia.

Esta iniciativa céntrase na inoculación de cepas hipovirulentas do fungo, que son aquelas que provocan a cicatrización espontánea dos chancros activos ao seren tratados no punto de infección. Os tratamentos son gratuítos e os propietarios das árbores simplemente teñen que solicitalos á Xunta.

Ademais, os soutos galegos beneficiaranse por terceiro ano consecutivo da liberación de parasitos da avespa do castiñeiro. As actuacións consisten na solta controlada de exemplares de *Torimus sinensis*, o único parasitoide (organismo que parasita a outros, impedíndolles que cheguen á fase de multiplicación) coñecido da avespiña. Esta iniciativa ten carácter pioneiro e foi autorizada polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (Mapama), por petición da Xunta. Nos próximos meses está prevista a solta de 4.200 viais con parasitos en diferentes áreas nas que se rexistra esta afección. O tratamento contra a avespa realizarase entre os meses de marzo e maio, mentres que para facer fronte ao chancro desenvolverase ao longo do ano, agás nos meses estivais.

Galicia é a principal comunidade autónoma de España en produción e exportación de castañas, superando os 20 millóns de quilogramos anuais, que se traducen nun valor estimado xerado que excede os 100 millóns de euros.

GALICIA BATE EN 2016 O RÉCORD HISTÓRICO DE FACTURACIÓN NAS VENDAS DE PEIXE E MARISCO NAS SÚAS LONXAS

- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a primeira venda de produtos pesqueiros e marisqueiros realizada no ano 2016*
- *O ano pasado, destaca a cotización do grupo dos bivalvos, que acadou uns ingresos de 70 millóns de euros, o que supón máis do 14% da facturación total das lonxas e centros de venda de Galicia*
- *Por zonas, as lonxas da provincia da Coruña foron as que rexistraron máis volume de descargas e as de Pontevedra as que máis contribuíron á cotización*
- *As vendas da frota pesqueira rexistraron os valores máis altos dende o 2013, destaca por exemplo o caso do cerco, que incrementou en máis dun 51% o volume de descargas e o valor económico nun 15,5%*

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a primeira venda de produtos pesqueiros realizada no ano 2016 nas lonxas e centros de venda autorizados en Galicia. Aínda que o informe analiza principalmente datos da serie histórica 2013-2016, atendendo aos datos dispoñibles de vendas dende que hai rexistro –ano 1997-, o ano 2016 bate récord de facturación nas vendas de peixe e marisco fresco, sendo o mellor dos últimos 20 anos.

Así dende o 1997 o importe facturado polas vendas de produtos do mar aumentou ata acadar no 2016 os 491 millóns de euros pola descarga de máis de 188.000 toneladas. De feito, xa no 2015, se acadara o mellor dato dos últimos cinco anos, que agora se ve superado pola anualidade de 2016, momento no que as vendas se incrementaron case un 5% e o valor económico máis dun 7% respecto dese ano.

En canto aos grupos de especies comercializados o ano pasado, máis do 90% da cantidade era peixe, que supuxo unha facturación de preto de 367 millóns de euros. Entre o 10% restante, destaca o grupo dos bivalvos, que acadou uns ingresos de 70 millóns de euros, o que supón máis do 14% da facturación total das lonxas e centros de venda de Galicia no 2016.

Atendendo ás zonas xeográficas, as lonxas da provincia da Coruña foron as que máis descargaron, seguidas das de Pontevedra e das de Lugo. En relación coa facturación, Pontevedra foi a o provincia que máis contribuíu na cotización, seguida da provincia da Coruña e da de Lugo, a cal experimentou un crecemento exponencial dende o ano 2002. Por lonxas, destacan as da Coruña, Vigo, Ribeira, Burela e Celeiro, que concentran as tres cuartas partes da actividade.

Vendas da frota pesqueira

O informe tamén dá conta das vendas da frota pesqueira galega por diferentes modalidades (arrastre, artes menores, cerco, palangre e enmalle). Así, no 2016 as vendas da frota pesqueira rexistraron os valores máis altos dende o 2013. Por modalidades cabe destacar, por exemplo o cerco, que no 2016 incrementou en máis dun 51% o volume de descargas e o valor económico nun 15,5%, en relación a 2013. Así, o ano pasado superaron as 52.200 toneladas por un valor económico de 36,1 millóns de euros, fronte ás preto de 34.500 toneladas de 2013, cun valor económico de 31,2 millóns de euros.

As artes menores, onde tamén se inclúe o marisqueo desde embarcación, tamén incrementaron as súas descargas en preto dun 25% e o valor económico en preto dun 45%. De feito, no 2016 esta frota descargou máis de 17.600 toneladas por valor de máis de 100,8 millóns de euros, fronte ás máis de 14.000 toneladas cunha facturación de 69,6 millóns de euros de 2013.